

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

11426 *Real decreto 866/2015, do 2 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aeronavegabilidade da defensa.*

A Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, establece no seu artigo 36 a existencia de que todas as aeronaves estean provistas dun certificado de aeronavegabilidade.

No dito artigo establécese a competencia do Ministerio de Fomento para a expedición deste certificado ás aeronaves civís, polo que se debe entender que a dita competencia a ten o Ministerio de Defensa para as aeronaves que teñan a consideración de militares ou que pertencen aos exércitos, institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa.

Coa publicación do Real decreto 2218/2004, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aeronavegabilidade da defensa, cumpriuse o mandato recollido no artigo 38 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de regular por vía regulamentaria os requisitos e as probas necesarios para a expedición e renovación dos certificados relacionados coa aeronavegabilidade das aeronaves, así como o seu prazo de validez.

A experiencia acumulada desde a entrada en vigor do Real decreto 2218/2004, do 26 de novembro, a aparición dos sistemas aéreos pilotados por control remoto nas frotas dos exércitos e a importancia que teñen na actualidade os grandes programas aeronáuticos internacionais con participación de España fan necesario abordar a aprobación dun novo Regulamento de aeronavegabilidade da defensa para adaptalo ás circunstancias actuais.

Ademais, é necesario incluír a Garda Civil no ámbito de aplicación do regulamento, xa que este instituto armado utiliza aeronaves que teñen a consideración de aeronaves militares, de conformidade co artigo 14.1 da Lei 48/1960, do 21 de xullo.

No proceso de tramitación, co fin de dar cumprimento ao previsto polo artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e realizar o trámite de audiencia aos cidadáns ou asociacións ou organismos que os representen, este real decreto foi sometido a consulta de colexios profesionais e asociacións empresariais cuxos fins gardan relación directa co obxecto da disposición.

O obxectivo do presente real decreto é establecer o proceso mediante o cal unha aeronave obtén o certificado de aeronavegabilidade, para o cal se establece como requisito previo que o deseño da aeronave dispoña dun dos certificados de tipo que se describen nel.

A solicitude para a expedición de calquera certificado de tipo, así como os requisitos que se deben cumprir e a documentación que cómpre entregar, quedan definidos nos capítulos III, IV, V, VI e VII deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2015,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento de aeronavegabilidade da defensa, que se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 2218/2004, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de aeronavegabilidade da defensa e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.º da Constitución, que lle atribúe á Estado competencia exclusiva en materia de defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar no ámbito das súas competencias cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Facúltanse o ministro de Defensa e o ministro do Interior para ditaren conxuntamente cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto nos casos en que as normas que se diten afecten o corpo da Garda Civil.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE

REGULAMENTO DE AERONAVEGABILIDADE DA DEFENSA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento define e regula os diversos certificados que garanten a seguridade en voo de aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto, e establece os procedementos para a súa expedición, os requisitos que deben cumprir os solicitantes dos certificados e as normas que deberán seguir os seus titulares e depositarios para manter a súa vixencia e conseguir a súa renovación.

2. Este regulamento é de aplicación a:

a) Todas as aeronaves, sistemas aéreos militares pilotados por control remoto, motores e hélices, en diante «produtos», utilizados polos exércitos, institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil, ou que poidan ser de interese para estes ou para a industria española de defensa.

b) As aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto de propiedade estranxeira só no caso específico dos certificados de aeronavegabilidade restrinxidos ou para experimentación, coas limitacións que se indican nos puntos correspondentes deste regulamento, sempre que exista a delegación da autoridade de aeronavegabilidade do país propietario da aeronave á Autoridade de Aeronavegabilidade da Defensa, en diante AAD, e aceptada por esta, cando se encontren na industria española de defensa para:

1.º A realización de traballos de mantemento ou modificación,

2.º A realización de ensaios baixo a supervisión ou dirección do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», en diante INTA, ou calquera outro centro de ensaios acreditado.

3. Este regulamento non é de aplicación ás aeronaves con rexistro de matrícula civil.

4. Ningunha aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto das comprendidas neste regulamento será autorizada para o voo se non dispón do certificado de aeronavegabilidade que lle corresponda en vigor.

5. Calquera aeronave das comprendidas neste regulamento deberá levar a bordo durante os seus traslados o certificado de aeronavegabilidade que lle corresponda en vigor. Para o caso de sistemas aéreos militares pilotados por control remoto, o dito documento debe estar sempre dispoñible na estación de control.

6. O disposto neste regulamento enténdese sen prexuízo das normas que resulten aplicables no suposto de que para as aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto de que se trate se solicítase algún certificado da autoridade de aviación civil.

Artigo 2. *Clases de certificados.*

Os certificados regulados neste regulamento son os seguintes:

a) Certificado de tipo: documento polo que a AAD fai constar que un tipo de produto foi deseñado e ensaiado seguindo as normas e procedementos aprobados e que, polo tanto, se considera seguro para o voo.

b) Certificado de tipo provisional: documento polo que a AAD fai constar que para un tipo de produto se alcanzou, ao longo do proceso de certificación, un grao de coñecemento das súas características técnicas e de operación o suficientemente profundo como para que permita poder establecer unhas limitacións de aeronavegabilidade dentro das cales o dito tipo se considera seguro para o voo.

c) Certificado de tipo suplementario: documento polo que a AAD fai constar que unha modificación maior a un deseño de tipo que foi deseñada e ensaiada por unha organización distinta do titular do certificado de tipo demostrou cumprimento cos requisitos e procedementos aplicables aprobados.

d) Certificado de conformidade: documento polo que a empresa asinante dun contrato garante que o produto, compoñente, equipo ou servizo cumpre cos requisitos técnicos contractuais.

e) Certificado de aptitude: documento polo que a empresa ou organización responsable da produción ou o mantemento de produtos, compoñentes ou equipos garante que os traballos efectuados neles cumpren a regulamentación de aeronavegabilidade aplicable.

f) Certificado de aeronavegabilidade: documento que serve para identificar tecnicamente unha aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto, definir as súas características e expresar a cualificación que merece para a súa utilización, deducida da inspección en terra e das correspondentes probas en terra e en voo.

g) Certificado de aeronavegabilidade para experimentación: documento que se expide para aquela aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto que se encontre en fase de prototipo ou utilizada especificamente para voos de ensaios, en fase experimental ou de demostración.

h) Certificado de aeronavegabilidade restrinxido: documento que se expide para aquela aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto que estea amparada por un certificado de tipo ou certificado de tipo provisional, pero cuxa aeronavegabilidade non está completamente demostrada, aínda que é capaz de realizar de forma segura algunhas operacións aéreas.

i) Certificado de aeronavegabilidade provisional: documento que se expide para aquela aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto que está amparada por un certificado de tipo provisional, pero que, independentemente diso, cumpre todos os demais requisitos para obter un certificado de aeronavegabilidade.

j) Certificado de aeronavegabilidade para exportación: documento que se expide para unha aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto para os efectos de exportación ou venda.

k) Certificado técnico: documento que garante que se realizaron os ensaios, as análises e todo tipo de probas e traballos experimentais, necesarios para demostrar que cumpren coas bases de certificación establecidas para cada tipo de produto ou aquelas modificacións destes que o requiran.

A expedición dos certificados de tipo definidos nas alíneas a), b) e c) anteriores corresponde á AAD. Deberán ir asinados polo enxeñeiro aeronáutico ou persoal con titulación equivalente segundo a lexislación vixente, da Área de Inspeccións Industriais da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa, e serán referendados pola Autoridade de Aeronavegabilidade da Defensa.

O certificado de conformidade aterase ao establecido no punto 2 do artigo 35 e ao artigo 36 deste real decreto.

O certificado de aptitude aterase ao establecido no artigo 38 deste real decreto.

A expedición e renovación dos certificados de aeronavegabilidade definidos nas alíneas f), g), h), i) e j) anteriores estará suxeita ao establecido no artigo 40 deste real decreto.

O certificado técnico expedirao un enxeñeiro aeronáutico, ou persoal con titulación equivalente segundo a lexislación vixente, recoñecido do organismo técnico competente que emite o certificado.

Artigo 3. *Inventario de aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto da defensa.*

1. Levarase na Dirección Xeral de Armamento e Material, en diante DXAM, do Ministerio de Defensa, para efectos de control da aplicación deste regulamento, o

Inventario de aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto da defensa, no cal estarán inscritas todas as aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que estean dentro do ámbito de aplicación deste regulamento. O Consello de Aeronavegabilidade determinará o contido deste inventario.

2. Os distintos exércitos, institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa que dispoñan de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto poderán constituír, para os mesmos efectos, outros inventarios, nos cales, como mínimo, figurarán os mesmos datos que os incluídos no inventario citado no parágrafo anterior. Estes inventarios non suplen o Inventario de aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto da defensa constituído na DXAM.

3. As aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que poidan ser de interese para o Ministerio de Defensa, a Garda Civil ou para a industria española de defensa, deberán ser obrigatoriamente inscritas no Inventario da DXAM desde o momento en que o seu propietario solicite do Ministerio de Defensa a aplicación deste regulamento.

CAPÍTULO II

Autoridades e organismos competentes

Artigo 4. Autoridade de Aeronavegabilidade da Defensa.

1. O director xeral de Armamento e Material é a Autoridade de Aeronavegabilidade da Defensa e nel reside a autoridade executiva superior na aplicación deste regulamento.

2. Para o exercicio da súa autoridade estará asesorado polo Consello de Aeronavegabilidade.

Artigo 5. Consello de Aeronavegabilidade.

1. O Consello de Aeronavegabilidade é o órgano de traballo da AAD e será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á DXAM.

2. Estará constituído polos seguintes membros:

a) Presidente: a AAD.
b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM.

c) Vogais: os representantes de Aeronavegabilidade do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, o representante de Aeronavegabilidade da Garda Civil, un representante da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM, nomeado pola AAD, un representante da Subdirección Xeral de Experimentación e Certificación do INTA nomeado polo director xeral do INTA e os representantes de aeronavegabilidade de todos os institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil que dispoñan de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto.

d) Secretario: un representante da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM nomeado pola AAD. Para os efectos das reunións do Consello, o secretario disporá de voz pero non de voto.

3. Os vogais do Consello de Aeronavegabilidade serán enxeñeiros aeronáuticos.

4. As funcións de secretaría permanente do Consello de Aeronavegabilidade serán asumidas pola Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM.

5. Un órgano técnico competente é unha organización recoñecida pola AAD con capacidade, garantías e procedementos suficientes para que poida realizar directamente, ou a través doutros organismos recoñecidos, a supervisión das inspeccións, probas e ensaios en terra e en voo necesarios para, unha vez finalizado o proceso, expedir un

certificado técnico e as correspondentes follas de datos dun produto ou poida levar a cabo tarefas de certificación de organizacións de deseño, produción, formación ou mantemento de produtos e emisión de licenzas de persoal de mantemento. Os órganos técnicos competentes aos cales o Consello de Aeronavegabilidade acudirá con carácter preferente son a Subdirección Xeral de Experimentación e Certificación do INTA e a Subdirección de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM.

6. O presidente do Consello de Aeronavegabilidade poderá convocar expertos cando o considere conveniente, que intervirán con voz pero sen voto.

7. As funcións do Consello de Aeronavegabilidade son as seguintes:

a) Aprobar as bases de certificación para a obtención do certificado de tipo, de tipo provisional e de tipo suplementario.

b) Informar previamente sobre a expedición dos certificados de tipo, de tipo provisional e de tipo suplementario, así como sobre as súas revisións.

c) Propor á AAD as directivas de aeronavegabilidade que se consideren necesarias, así como establecer o procedemento para a súa elaboración.

d) Informar previamente á habilitación por parte da AAD dos enxeñeiros aeronáuticos que expidan e renoven os certificados de aeronavegabilidade recollidos neste regulamento.

e) Establecer os procedementos de aprobación dos documentos de procedencia estranxeira relativos ao mantemento da aeronavegabilidade dos produtos nacionais e importados.

f) Elaborar, en relación coa aeronavegabilidade, as directrices xerais e os procedementos que emita a AAD para o desenvolvemento e interpretación deste regulamento e para harmonizar a súa aplicación no ámbito de cada exército, instituto, organismo ou servizo dependente ou vinculado ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil.

g) Apoiar a AAD nas relacións con organizacións e organismos internacionais de aeronavegabilidade civís e militares, para coñecer e propor a aplicación de normas e prácticas internacionais que se consideren de interese e, en particular, das procedentes do ámbito da Axencia Europea de Defensa.

h) Promover a formación en temas de aeronavegabilidade do persoal que se poida considerar afectado pola aplicación deste regulamento.

8. As actuacións do Consello de Aeronavegabilidade axustaranse ao disposto no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Representantes de aeronavegabilidade.*

1. Cada exército, instituto, organismo ou servizo dependente ou vinculado ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil nomeará, de entre o seu persoal enxeñeiro aeronáutico, o representante de aeronavegabilidade. Se non dispón do dito persoal técnico, poderá delegar estas funcións noutro exército, organismo, instituto ou servizo. Se calquera das opcións anteriores non é posible, excepcionalmente poderá designar especificamente persoal técnico adecuado doutra procedencia coa aprobación expresa do Consello de Aeronavegabilidade.

2. Nos mandos loxísticos de cada exército, e en cada instituto, organismo ou servizo dependente ou vinculado ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil, existirá un órgano técnico encargado de xestionar todo o proceso de aeronavegabilidade no seo da súa propia organización, o cal deberá contar co visto e prace da AAD, que definirá previamente os requisitos que debe cumprir o dito órgano.

3. As funcións dos representantes de aeronavegabilidade serán as seguintes:

a) Representar, no Consello de Aeronavegabilidade, cada exército, organismo, instituto ou servizo ou a Garda Civil.

b) Coordinar todas as actuacións en materia de aeronavegabilidade dentro da súa organización para os efectos da aplicación particular en cada caso do disposto neste regulamento.

- c) Exercer a iniciativa para a emisión de directivas de aeronavegabilidade.
- d) Propor á AAD os enxeñeiros aeronáuticos que deban ser habilitados para expedir e renovar os certificados de aeronavegabilidade regulados neste regulamento e o persoal aeronáutico habilitado para expedir e referendar os certificados de aptitude que procedan.

CAPÍTULO III

Certificado de tipo

Artigo 7. *Certificado de tipo.*

1. O certificado de tipo está constituído:
 - a) Polo propio certificado.
 - b) Pola folia de revisións deste.
 - c) Pola folia de datos coa definición do deseño de tipo asociado, referencia ao manual de voo, manual de pesos e centrados e plan de mantemento para aeronaves, sistemas aéreos militares pilotados por control remoto e a documentación coa información equivalente necesaria para outros produtos.
2. No caso de sistemas aéreos militares pilotados por control remoto, o certificado de tipo refírese ao sistema completo, é dicir, a aeronave ou conxunto de aeronaves, estación ou estacións de control, a ligazón de datos e os elementos de lanzamento e recuperación, se dispón deles, e calquera outro elemento do sistema necesario para o voo seguro.

Artigo 8. *Deseño de tipo.*

1. Un deseño de tipo consta:
 - a) Dos planos e especificacións do produto, e dunha lista dos planos e especificacións dos elementos de configuración, que permitan identificar a configuración e os aspectos do produto, para demostrar que cumpren cos requisitos deste regulamento aplicables ao produto.
 - b) Da información sobre dimensións, materiais e procesos necesarios para definir as características do produto.
 - c) Da sección das limitacións de aeronavegabilidade contidas nas instrucións para o mantemento da aeronavegabilidade.
 - d) De calquera outro dato necesario para permitir a determinación das características de aeronavegabilidade de posteriores produtos do mesmo tipo.
2. Cada deseño de tipo será identificado de forma única.

Artigo 9. *Solicitud de expedición do certificado de tipo.*

1. Poderá solicitar un certificado de tipo calquera organismo ou entidade de dereito público ou privado con capacidade para asumir as responsabilidades e obrigas derivadas da súa concesión.
2. A solicitude de expedición do certificado de tipo deberá dirixirse á AAD e poderase presentar no Rexistro da DXAM ou na Secretaría do Consello de Aeronavegabilidade na Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e mediante a utilización de medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. A dita solicitude deberá ir acompañada:
 - a) Do deseño de tipo.
 - b) De cálculos e análises necesarios que demostren ou axuden a demostrar que o produto que se pretende certificar cumpre coas bases de certificación.
 - c) De informes e resultados de ensaios (banco, terra e voo) que demostren ou axuden a demostrar que o produto que se pretende certificar cumpre coas bases de certificación.
 - d) Do certificado técnico do órgano técnico competente, se o solicitante dispón del, ou da súa correspondente solicitude.
4. Para produtos amparados por un certificado de tipo civil válido en España, o Consello de Aeronavegabilidade determinará os requisitos para a súa validación.
5. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses, desde o día seguinte ao da presentación da correspondente solicitude, entendendo que a falta de resolución, transcorrido o dito prazo, terá efectos desestimatorios. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ou impugnar directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Na atribución de competencia para interpor recurso quedan expresamente excluídos os órganos da Administración do Estado e os organismos públicos creados baixo a súa dependencia.

Artigo 10. *Certificado técnico.*

1. Este certificado incluírá, ademais da súa folla de revisións:
 - a) A folla de datos coa mención expresa da definición do deseño de tipo.
 - b) Calquera outra condición ou limitación prescrita para o produto que determine o Consello de Aeronavegabilidade.
2. O Consello de Aeronavegabilidade, a través da súa secretaría permanente, será informado das actividades de certificación desenvolvidas no ámbito de aplicación deste regulamento.
3. Todas as especificacións dos elementos, materiais, equipamentos e accesorios incluídos no deseño de tipo e que serán utilizados na fabricación dos produtos deberán estar previamente documentados e cualificados aeronauticamente, e na súa integración non presentarán ningunha característica ou aspecto que fagan insegura a súa operación.
4. Para os efectos previstos no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, este certificado terá o carácter de preceptivo e determinante para a finalización do proceso de resolución e notificación do certificado de tipo.

Artigo 11. *Determinación das bases de certificación.*

1. As bases de certificación son as normas, requisitos e requirimentos da normativa aplicable para a obtención de certificado de tipo, que serán establecidas por acordo entre o solicitante e o órgano técnico competente e presentadas ao Consello de Aeronavegabilidade para a súa aprobación.
2. Para a súa determinación teranse en conta:
 - a) A normativa de obrigado cumprimento.
 - b) A normativa proposta polo solicitante.
 - c) A normativa aplicada en produtos semellantes de utilización nacional.
 - d) A normativa aplicada pola autoridade nacional do país de orixe do produto, se este é de importación.
 - e) A normativa que fose acordada entre o solicitante e o organismo contratante.
 - f) Os requisitos de aeronavegabilidade que o órgano técnico competente ou o solicitante consideren apropiados ao produto que se pretende certificar.
 - g) Os medios de cumprimento propostos.

- h) A normativa establecida en organizacións internacionais en que participa España.
- i) Calquera outro requisito que o Consello de Aeronavegabilidade considere apropiado.

3. Se o Consello de Aeronavegabilidade non se manifesta en contrario no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da data de presentación para a súa aprobación, as bases de certificación iniciais consideraranse aprobadas.

4. Se non se alcanza acordo entre o solicitante e o órgano técnico competente sobre as bases de certificación, será o Consello de Aeronavegabilidade o que decida nese caso.

Artigo 12. *Demostración de cumprimento das bases de certificación.*

1. Unha vez aprobadas as bases de certificación, notificaránselle ao solicitante para o seu coñecemento e efectos na realización dos ensaios e probas que sexan necesarios para o seu cumprimento.

2. O solicitante permitirá que o órgano técnico competente, directamente ou a través doutros organismos, supervise as inspeccións e ensaios en terra e en voo necesarios para demostrar o cumprimento das bases de certificación.

3. Para todo tipo de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto, antes da realización das rodaxes iniciais de motores nos prototipos e do primeiro voo, o solicitante deberá realizar os estudos, as análises e os ensaios en terra necesarios para garantir as condicións de seguridade aceptables para as ditas operacións. Para iso, observarase o disposto no artigo 46.

4. O solicitante, coa supervisión do órgano técnico competente e segundo o plan de certificación acordado entre ambos, deberá facer todas as inspeccións e ensaios tanto en terra como en voo necesarios para determinar:

- a) O cumprimento das bases de certificación e os requirimentos de aeronavegabilidade.
- b) Que os materiais e produtos son conformes coas especificacións do deseño de tipo.
- c) Que as partes dos produtos son conformes cos planos do deseño de tipo.
- d) Que os procesos de fabricación, construción e montaxe son conformes co especificado no deseño de tipo.
- e) As limitacións de aeronavegabilidade.

5. Unha vez finalizado o proceso de demostración de cumprimento das bases de certificación, o órgano técnico competente expedirá un certificado técnico.

Artigo 13. *Expedición do certificado de tipo.*

Unha vez emitido o certificado técnico, a AAD expedirá o certificado de tipo, que irá asinado por un enxeñeiro aeronáutico da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa logo de informe favorable do Consello de Aeronavegabilidade.

Artigo 14. *Certificado de tipo para produtos importados ou que resulten da colaboración internacional con participación do Ministerio de Defensa.*

1. Para a expedición do certificado de tipo dun produto de importación, o Consello de Aeronavegabilidade poderase apoiar, se é necesario, nos resultados de ensaios obtidos nun centro técnico oficial do país de orixe. Nestes supostos, a emisión do certificado técnico corresponderalle tamén ao órgano técnico competente, logo de verificación da adecuación á normativa aplicable dos procedementos e métodos do dito centro.

2. Tamén se poderá obter o certificado de tipo por validación co do país de orixe, sempre que o órgano técnico competente verifique as bases de certificación, para o cal se terá en conta a existencia de acordos de reciprocidade. A documentación presentada deberá ser a suficiente para que o órgano técnico competente poida expedir o correspondente certificado técnico.

3. Para produtos consecuencia dun programa de colaboración internacional con participación do Ministerio de Defensa, o Consello de Aeronavegabilidade adaptará o cumprimento deste regulamento ás características específicas dese programa.

Artigo 15. *Vixencia do certificado de tipo.*

A vixencia do certificado de tipo será indefinida. Con todo, a AAD poderá deixar sen vixencia o certificado de tipo se se incumpre algunha das condicións exixidas para a súa concesión. Para iso deberase incoar o oportuno expediente, no cal se dará audiencia ao titular.

Artigo 16. *Modificacións que requiren un novo certificado de tipo.*

1. Deberase solicitar á AAD un novo certificado de tipo cando as modificacións propostas polo titular do certificado de tipo dun determinado produto inclúan:

a) Para aeronaves:

- 1.º Un cambio no número de motores ou de rotores.
- 2.º Cambios nos principios de propulsión dos motores ou rotores, ou que estes últimos usen diferentes principios de operación.

b) Para sistemas pilotados remotamente: ademais das específicas das aeronaves citadas anteriormente:

- 1.º Cambio no número ou tipo de aeronaves que compoñen o sistema.
- 2.º Cambio no número ou tipo de estacións de control que compoñen o sistema.
- 3.º Cambio nos principios de control e transmisión de datos.

c) Para motores de aeronaves, cambios que afecten o principio de operación.

d) Para hélices, un cambio no número de pas ou no principio de operación do mecanismo de cambio de paso.

2. Tamén se deberá solicitar un novo certificado de tipo cando a modificación ou conxunto de modificacións propostas en configuración, potencia, limitacións de potencia (motores), limitacións de velocidade (motores) ou o peso sexan de tal extensión que supoñan, ao xuízo do Consello de Aeronavegabilidade e logo de informe do órgano técnico competente, un cambio substancial no deseño de tipo, que requira unha investigación completa para demostrar o cumprimento dos requisitos aplicables.

CAPÍTULO IV

Certificado de tipo provisional

Artigo 17. *Certificado de tipo provisional.*

1. O certificado de tipo provisional reúne as mesmas características que as expresadas para o certificado de tipo do capítulo III, e só será expedido cando se cumpran os requisitos indicados no artigo 21.

2. O certificado de tipo provisional poderá ser expedido para aqueles produtos que se atopen nun proceso de certificación por validación dun certificado de tipo expedido por unha autoridade de certificación dun país estranxeiro, sempre que se acheguen probas que permitan, ao xuízo do Consello de Aeronavegabilidade, cumprir os requisitos deste capítulo.

Artigo 18. *Solicitud de expedición do certificado de tipo provisional.*

A solicitud de expedición do certificado de tipo provisional deberá cumprir as condicións expresadas no artigo 9.

Artigo 19. *Expedición do certificado de tipo provisional.*

Unha vez emitido o certificado técnico provisional, a AAD expedirá o certificado de tipo provisional, que irá asinado por un enxeñeiro aeronáutico da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa logo de informe favorable do Consello de Aeronavegabilidade.

Artigo 20. *Vixencia do certificado de tipo provisional.*

O certificado de tipo provisional terá unha vixencia dun ano e poderá ser renovado por períodos iguais de tempo.

Artigo 21. *Requisitos para a expedición do certificado de tipo provisional.*

1. O solicitante do certificado de tipo provisional deberá:

a) Ter solicitado o certificado de tipo.
b) Ter conseguido a aprobación polo Consello de Aeronavegabilidade das bases de certificación correspondentes do deseño de tipo proposto e polo órgano técnico competente do plan de certificación.

c) Declarar que:

1.º O deseño cumpre substancialmente cos requisitos de aeronavegabilidade aplicables para a expedición do certificado de tipo solicitado.

2.º O deseño é seguro baixo as limitacións de operación apropiadas e especificadas na alínea e) deste artigo.

d) Presentar un informe que demostre que a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto prototipo se fixo que voase realizando todas as manobras necesarias para probar substancialmente o cumprimento cos requisitos para a expedición do certificado técnico solicitado, e establecer que a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto se pode operar con seguridade, de acordo coas limitacións contidas neste artigo.

e) Demostrar todas as limitacións requiridas para a expedición do certificado técnico solicitado, que inclúan as limitacións de pesos, centrados, velocidades, carga, manobras en voo, operación dos mandos e sistemas, a menos que, para cada limitación non establecida así, se impoñan as restricións de operación apropiadas da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.

f) Acreditar que un prototipo da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto efectuou, polo menos, 50 horas de voo.

g) Presentar un manual de voo e un manual de pesos e centrados que conteña as limitacións establecidas neste artigo.

h) Presentar as instrucións de mantemento da aeronavegabilidade mediante un plan de inspección e mantemento para asegurar a aeronavegabilidade da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.

2. Ademais, determinarase que non hai indicio, característica ou condición que faga insegura a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto cando se opera de acordo coas limitacións establecidas no número 1.e) deste artigo.

CAPÍTULO V

Modificacións do deseño de tipo e requisitos para a súa aprobación

Artigo 22. *Clasificación das modificacións do deseño de tipo.*

As modificacións do deseño de tipo clasifícanse como maiores e menores. Unha modificación maior é a que, sen quedar comprendida no suposto do artigo 16, ten efecto

apreciable sobre o peso, centrado, resistencia estrutural, fiabilidade, características de operación ou outras características que afecten a aeronavegabilidade do produto. Tamén terán esta consideración as modificacións do software que poidan contribuír a un fallo nunha función do sistema cuxa consecuencia impida continuar de forma segura o voo ou a aterraxe da aeronave ou vehículo aéreo non tripulado, ou levar a cabo de forma inadvertida o armado, solta ou bloqueo do armamento, ou aquelas que resulten dun proceso de enxeñaría asociado a un cambio de procesador. Todas as demais modificacións son menores.

Artigo 23. *Aprobación das modificacións maiores do deseño de tipo.*

1. As modificacións maiores serán aprobadas polo órgano técnico competente. Se o solicitante non é o titular do certificado de tipo, aplicarase o establecido no capítulo VII.

2. O solicitante debe presentar ao órgano técnico competente datos substanciais e descritivos (planos, documentos técnicos de deseño, ensaios, cálculos, instrucións de mantemento da aeronavegabilidade, etc.). Unha vez aprobada, se o órgano técnico competente considera necesario un novo certificado de tipo ou unha revisión deste, remitirá ao Consello de Aeronavegabilidade a correspondente proposta, para que este tome a súa decisión.

3. Para produtos fabricados pola industria nacional con destino á exportación, o Consello de Aeronavegabilidade poderá delegar no órgano técnico competente a determinación da existencia dun novo certificado de tipo ou unha revisión do xa existente.

4. Para produtos de importación, o Consello de Aeronavegabilidade establecerá procedementos especiais de aprobación debidamente sancionados pola AAD.

5. Antes da instalación da modificación débese demostrar que a relación entre ela e calquera outra modificación ou reparación maior instalada previamente non introduce ningún efecto adverso na aeronavegabilidade do produto.

Artigo 24. *Aprobación das modificacións menores do deseño de tipo.*

1. As modificacións menores do deseño de tipo deberán ser aprobadas polo órgano técnico competente, ao cal o solicitante deberá subministrarlle a información necesaria para a súa avaliación, que debe incluír, como mínimo, planos e descrições das modificacións.

2. O órgano técnico competente poderá delegar no solicitante, unha vez recoñecida a súa capacitación técnica, a dita aprobación. Os procedementos para a delegación serán elaborados polo Consello de Aeronavegabilidade e debidamente sancionados pola AAD.

3. Os exércitos, institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa ou a Garda Civil poderán aprobar as modificacións menores do deseño de tipo que correspondan aos seus ámbitos respectivos, seguindo para iso o procedemento que establecerá a AAD por proposta do Consello de Aeronavegabilidade.

4. As modificacións aprobadas por unha autoridade aeronáutica estranxeira aplicables a aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto en servizo poderán ser aprobadas polos exércitos, institutos, organismos ou servizos dependentes ou vinculados ao Ministerio de Defensa, de acordo co procedemento que estableza o Consello de Aeronavegabilidade debidamente sancionado pola AAD.

Artigo 25. *Directivas de aeronavegabilidade.*

1. A Directiva de Aeronavegabilidade é un cambio do deseño de tipo para restituír os niveis de seguridade como consecuencia de terse detectado un fallo, funcionamento defectuoso ou defecto nese deseño que afecta a seguridade en voo.

2. Cando a AAD emita unha directiva de aeronavegabilidade, o titular do certificado de tipo:

- a) Facilitaralles as modificacións introducidas do deseño de tipo a todos os operadores dos produtos amparados por este certificado de tipo.
- b) Introducirá a modificación requirida nos produtos novos.

Artigo 26. *Determinación das bases de certificación para modificacións do deseño de tipo.*

1. Calquera modificación do deseño de tipo deberá cumprir as mesmas bases de certificación utilizadas na obtención do certificado de tipo.

2. Se o órgano técnico competente considera que unha modificación proposta dá lugar a un novo deseño, ou a un redeseño completo de elementos ou instalacións de sistemas ou equipamentos, procederá a unha nova determinación das bases de certificación.

Artigo 27. *Informes de fallos, funcionamentos defectuosos e defectos.*

O titular dun certificado de tipo, de tipo provisional ou de tipo suplementario e os representantes de aeronavegabilidade deberán informar a AAD e o Consello de Aeronavegabilidade, a través da súa secretaría permanente, no prazo máis breve posible e coa inclusión de tanta información estea dispoñible e sexa aplicable ao caso, de calquera accidente, incidente, fallo, defecto ou funcionamento defectuoso en calquera sistema, subsistema, equipamento ou elemento que, pola súa natureza, xeneralidade ou persistencia, directa ou indirectamente, afecte a seguridade en voo da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.

Artigo 28. *Mantemento da aeronavegabilidade e reflexo documental das modificacións.*

1. É o conxunto de actuacións conducentes a manter as condicións iniciais de aeronavegabilidade por medio duns procedementos establecidos e amparados no certificado de tipo. As ditas actuacións, así como os medios técnicos e humanos necesarios para elas, serán conformes coas regulacións establecidas pola AAD.

2. As modificacións efectuadas sobre un produto en servizo, amparado por un certificado de tipo, ou sobre a súa documentación, deberán estar reflectidas nun boletín de servizo ou orde técnica aprobados, antes da súa remisión ao usuario.

3. Os citados documentos deberán estar aprobados de acordo co previsto nos artigos 23, 24 ou 25 segundo sexa aplicable.

CAPÍTULO VI

Revisións do certificado de tipo

Artigo 29. *Solicitud de revisión do certificado de tipo.*

Para modificar un produto amparado por un certificado de tipo coa introdución dunha modificación maior xerada polo titular do certificado de tipo non prevista no artigo 16, deberase solicitar á AAD a emisión dunha revisión do certificado de tipo orixinal. Esta solicitude efectuarase de acordo co indicado no artigo 9.

Artigo 30. *Determinación das bases de certificación nas revisións do certificado de tipo.*

Para determinar as bases de certificación procederá como se indica no artigo 26 para as modificacións do deseño de tipo.

Artigo 31. *Expedición da revisión do certificado de tipo.*

A revisión do certificado de tipo incluírá a anotación na folla de revisións do certificado de tipo orixinal do produto, a revisión da folla de datos, que recolle a aprobación da modificación maior proposta coas condicións especificadas no artigo 23 e a revisión do certificado técnico.

CAPÍTULO VII

Certificados de tipo suplementarios

Artigo 32. *Solicitud dun certificado de tipo suplementario.*

A solicitud do certificado de tipo suplementario deberá dirixirse á AAD, a quen corresponde a competencia de emitilo, e incluíra unha proba de que se dispón da información necesaria do deseño de tipo ao cal é aplicable, ben cos recursos propios do solicitante, ben mediante acordos co titular do certificado de tipo.

Artigo 33. *Determinación das bases de certificación dun certificado de tipo suplementario.*

As bases de certificación aplicables a unha modificación maior que se pretende amparar por un certificado de tipo suplementario serán establecidas mediante acordo entre o órgano técnico competente e o solicitante, aprobadas polo Consello de Aeronavegabilidade, e deberán estar baseadas nas orixinais que se utilizaron para certificar o deseño de tipo que se pretende modificar.

Artigo 34. *Requisitos para a expedición dun certificado de tipo suplementario.*

1. O titular dun certificado de tipo suplementario deberá elaborar, manter e actualizar os manuais requiridos polos criterios de certificación de tipo aplicables, mediante as modificacións necesarias que cubran os cambios introducidos en virtude da modificación maior amparada polo certificado de tipo suplementario, e subministrar copias destes manuais ao órgano técnico competente cando este o solicite.

2. O Consello de Aeronavegabilidade imporá requisitos adicionais ao solicitante dun certificado de tipo suplementario de forma que garantan o mantemento da aeronavegabilidade e os niveis de seguridade das aeronaves, así como o cumprimento das súas obrigas.

3. A organización que deseñase e ensaiase a modificación maior debe estar recoñecida como organización de deseño cun alcance suficiente para o deseño de produtos aeronáuticos completos. Dentro deste recoñecemento débense incluír, en particular, os seguintes procedementos que se auditarán regularmente:

a) Os que garantan a aeronavegabilidade continuada do deseño de tipo certificado e das aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto amparados polo dito certificado de tipo suplementario.

b) Os que definan unha estrutura capaz de realizar a análise dos datos tras a notificación de accidentes, incidentes, fallos, defectos ou funcionamentos defectuosos que poidan dar lugar a directivas de aeronavegabilidade, e de definir as correspondentes accións correctoras.

c) Os que definan a xeración e distribución aos operadores dos boletíns de servizo, modificacións e información de mantemento necesaria para garantir o cumprimento das directivas de aeronavegabilidade aplicables ao produto.

CAPÍTULO VIII

Certificados de conformidade e de aptitude

Artigo 35. *Emisión do certificado de conformidade.*

1. O fabricante emitirá un certificado de conformidade por cada número de serie de produto. Tamén poderá emitir o dito certificado para conxuntos principais cando así sexa requirido e para todos aqueles elementos que se pidan contractualmente.

2. O procedemento de emisión do certificado de conformidade será o seguinte:

a) No caso de produtos de fabricación nacional, o certificado deberá estar asinado polo representante recoñecido da organización de calidade do fabricante, de acordo coa súa propia normativa aceptada polo Ministerio de Defensa, e deberá estar referendado polo representante do aseguramento oficial da calidade, en diante RAC, correspondente, nomeado para o efecto.

b) No caso de produtos de fabricación estranxeira:

1.º Se se trata dun país que teña subscrito con España un acordo de apoio mutuo de aseguramento oficial da calidade, aplicarase o disposto para os de fabricación nacional, coa excepción de que o referendo deberá facelo o órgano oficial correspondente do país fabricante ou, de ser o caso, o RAC correspondente, nomeado para o efecto.

2.º Se se trata dun país non incluído no punto anterior, aplicarase o disposto para os produtos de fabricación nacional, coa excepción de que o referendo deberá facelo por delegación unha organización oficial allea ao fabricante ou, de ser o caso, o RAC correspondente, nomeado para o efecto.

Artigo 36. *Referendo do certificado de conformidade.*

1. Este certificado deberá estar sempre referendado por un representante da Área de Inspeccións Industriais da Subdirección Xeral de Inspección, Regulación e Estratexia Industrial de Defensa da DXAM. Para o caso de produtos de procedencia non española, este referendo obterase por delegación ou directamente.

2. O referendo garantirá que a fabricación do produto se realizou cumprindo a ou as publicacións de calidade que correspondan das incluídas no STANAG 4107 «Mutual Acceptance of Government Quality Assurance» (Aceptación Mutua do Aseguramento Oficial da Calidade) e sempre deberá garantir que os produtos que ampara foron fabricados segundo as especificacións e planos aplicables que definen o deseño de tipo.

Artigo 37. *Documentación exixida para o referendo do certificado de conformidade.*

1. Para o referendo do certificado de conformidade exixírase a seguinte documentación:

a) No caso de produtos de fabricación nacional amparados por un certificado de tipo:

1.º Certificado de tipo.

2.º Definición do estándar de deseño de fabricación da aeronave visado polo órgano técnico competente.

3.º Relación de desviacións e derogacións aceptadas polo órgano contratante ou o RAC correspondente, se así se establece.

4.º Relación de probas funcionais asinadas de conformidade polo representante da organización de calidade do fabricante co visado do RAC correspondente cando sexa aplicable.

5.º Documento de aceptación dos voos de proba do fabricante, se procede.

6.º Documento de aceptación dos voos de proba do cliente, se procede.

7.º Folla de datos dos motores e hélices instalados co seu tempo de funcionamento, no caso de aeronaves e sistemas aéreos militares pilotados por control remoto.

b) No caso de produtos de fabricación estranxeira, a documentación que deberá ser achegada será definida pola Autoridade Nacional de Aseguramento da Calidade, en diante ANAC, para cada caso particular, e deberá ser equivalente á exixida para os produtos de fabricación nacional.

2. A ANAC determinará tamén os documentos que requiran referendo oficial.

Artigo 38. *Certificado de aptitude.*

1. Este certificado deberá ir asinado polo persoal coa titulación, a formación e experiencia adecuada no produto afectado, segundo defina o Consello de Aeronavegabilidade e designado pola organización responsable que realiza os traballos de produción ou mantemento nos produtos ou elementos. O dito certificado garante que as actuacións indicadas nas alíneas b), c), d) e e) do número 2 do artigo 43 foron realizadas correctamente. Se se efectuaron en distintos establecementos, o persoal arriba indicado, designado por cada un deles, emitirá o seu propio certificado.

2. No caso de traballos na industria, estes certificados deberán estar referendados polo persoal coa titulación, a formación e experiencia adecuada, segundo defina o Consello de Aeronavegabilidade, designado para o efecto polo Ministerio de Defensa, Exército, organismo ou instituto ou servizo que contratase os traballos.

3. No caso de traballos realizados pola industria ou centros de mantemento estranxeiros, o titular da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto poderá adecuar o cumprimento deste requisito ás súas características.

CAPÍTULO IX

Certificados de aeronavegabilidade

Artigo 39. *Certificado de aeronavegabilidade.*

1. Este certificado incluírá unha mención expresa do certificado de tipo que ampara a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto e a súa folla de datos.

2. A posesión deste certificado en vigor indica que a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto:

- a) É dun deseño aprobado e, polo tanto, está amparada por un certificado de tipo.
- b) Foi fabricada de acordo co deseño de tipo mediante procedementos aprobados.
- c) Desde o comezo do seu ciclo de vida foi construída, inspeccionada e mantida segundo uns planos e procedementos aprobados, que foron concibidos para manter a aeronavegabilidade.

Artigo 40. *Expedición e renovación dos certificados de aeronavegabilidade.*

1. A expedición e renovación dos certificados de aeronavegabilidade obxecto deste capítulo é competencia da AAD. Deberán ir asinados por un enxeñeiro aeronáutico, ou persoal con titulación equivalente segundo a lexislación vixente, habilitado pola AAD e designado para o efecto segundo procedemento establecido polo Consello de Aeronavegabilidade e aprobado pola AAD, coa condición de que a documentación achegada e o resultado das inspeccións en terra e en voo demostren fidedignamente a seguridade da aeronave ou do sistema aéreo militar pilotado por control remoto para o voo, excepto para os certificados de aeronavegabilidade restrinxidos e experimentais, para os cales non son necesarias as probas en voo.

2. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses, desde o día seguinte ao da presentación da correspondente solicitude, entendendo que a falta de resolución, transcorrido o dito prazo, terá efectos desestimatorios. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ou impugnar directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Na atribución de competencia para interpor recurso quedan expresamente excluídos os órganos da Administración do Estado e os organismos públicos creados baixo a súa dependencia.

Artigo 41. *Documentación necesaria para a expedición do certificado de aeronavegabilidade.*

1. Para a expedición do certificado de aeronavegabilidade serán necesarios os seguintes documentos:

- a) Para aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto novos:
 - 1.º Copia do certificado de tipo que ampara a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.
 - 2.º Certificado de conformidade.
 - 3.º Documentación que identifique a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.
 - 4.º Acreditación da titularidade da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.
 - 5.º Fotografía de acordo co modelo regulamentario previsto no anexo III.
 - 6.º Declaración do solicitante de estar en posesión do manual de voo, do manual de pesos e centrados, do manual de mantemento, do plan de mantemento e do catálogo ilustrado de pezas, aprobados e actualizados conforme a documentación.
 - 7.º Relación de directivas de aeronavegabilidade aplicables vixentes aplicadas e pendentes de incorporar.

- b) Para aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto usados:
 - 1.º A mesma documentación que para aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto novos, excepto o certificado de conformidade emitido polo fabricante.
 - 2.º Último certificado de aeronavegabilidade.
 - 3.º Relación de boletíns de servizo e ordes técnicas incorporadas.
 - 4.º Documentación que reflicta con claridade a vida anterior da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto para que permita avaliar tecnicamente o seu estado.

2. No caso de que algún destes documentos non poida ser obtido, o Consello de Aeronavegabilidade determinará a proba equivalente que deba ser achegada.

Artigo 42. *Vixencia do certificado de aeronavegabilidade.*

1. A vixencia do certificado de aeronavegabilidade será dun ano e deberá ser renovado, de acordo co especificado no artigo 43.

2. O mantemento da aeronavegabilidade durante o período de vixencia é responsabilidade do Exército, organismo, instituto ou servizo propietario ou utilizador da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto, de acordo coa súa organización e procedementos internos. A AAD verificará o cumprimento coas regulacións aplicables a través das correspondentes auditorías conxuntas entre persoal da DXAM e do Exército, organismo, instituto ou servizo correspondente, de cuxo resultado se deducirá a capacidade da correspondente organización para exercer a responsabilidade do mantemento da aeronavegabilidade.

3. O certificado de aeronavegabilidade perderá a súa vixencia, ademais de pola finalización do seu período de validez, nos seguintes casos:

- a) Por accidente ou avaría que impliquen unha reparación maior segundo a clasificación do artigo 49.
- b) Por non cumprir en prazo as modificacións ou inspeccións de obrigado cumprimento ordenadas en directivas de aeronavegabilidade.
- c) Por entrada en revisión xeral da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto.

d) Por disposición específica da AAD cando, por proposta razoada do representante de aeronavegabilidade da organización responsable do mantemento da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto, se observe unha degradación na seguridade para o voo, aínda que non se dea ningún dos supostos antes sinalados.

Artigo 43. Documentación necesaria para a renovación do certificado de aeronavegabilidade.

1. Deberase solicitar a renovación do certificado de aeronavegabilidade cando se produza calquera dos supostos de perda de vixencia descritos no artigo 42.

2. O enxeñeiro aeronáutico encargado da renovación exixirá, polo menos, a seguinte documentación:

- a) Último certificado de aeronavegabilidade expedido.
- b) Plan de mantemento aprobado e traballos efectuados e pendentes de efectuar, de acordo con aquel, desde a última renovación.
- c) Relación documentada de reparacións, avarías e accións correctoras efectuadas desde a última renovación ou expedición.
- d) Relación de directivas de aeronavegabilidade distribuídas polo Consello de Aeronavegabilidade vixentes para os produtos afectados incorporadas desde a última renovación ou expedición e as pendentes de incorporar.
- e) Relación de boletíns de servizo e ordes técnicas incorporadas desde a última renovación ou expedición.
- f) Certificados de aptitude que procedan.

3. Comprobada a documentación e efectuadas as inspeccións e probas en terra e probas en voo sobre a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto polo persoal técnico competente, de acordo co procedemento aprobado e con resultado satisfactorio, o enxeñeiro aeronáutico designado procederá á renovación do certificado de aeronavegabilidade.

Artigo 44. Anulación do certificado de aeronavegabilidade.

1. O certificado de aeronavegabilidade será anulado cando o sexa algún dos documentos que serviron de base para a súa expedición ou cando algún deles fose alterado ou falseado.

2. Tamén será anulado ante calquera cambio no deseño ou na operación aprobada da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto que orixine un novo modelo.

Artigo 45. Certificado de aeronavegabilidade provisional.

O certificado de aeronavegabilidade provisional expedirase para aquelas aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que estean amparadas por un certificado de tipo provisional e a súa utilización estará conforme coas limitacións especificadas no artigo 21. A súa vixencia será de seis meses e nunca será superior á do propio certificado de tipo provisional. As condicións para a súa emisión serán as mesmas que as especificadas para o certificado de aeronavegabilidade normal.

Artigo 46. Certificado de aeronavegabilidade restrinxido.

1. Para a súa expedición, a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto debe dispor dun certificado de tipo ou de tipo provisional válido e ser capaz de realizar de forma segura algunha das operacións que se enumeran:

- a) Aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto novos: voos de verificación e aceptación de produción.

b) Aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto usados:

1.º Voos de verificación e aceptación tras traballos de mantemento en fábrica ou centro de mantemento, para os cales o certificado de aeronavegabilidade perdese a súa vixencia.

2.º Voos á industria ou centro de mantemento con certificado de aeronavegabilidade caducado.

3.º Voos con certificado de aeronavegabilidade caducado, sen que sexa posible a súa renovación inmediata.

4.º Voos fóra das limitacións de aeronavegabilidade establecidas, para operacións específicas e determinadas (por exemplo, con exceso de peso, sen a totalidade de instrumentos operativos, sobre o mar, etc.).

5.º Voos de proba para a expedición dos certificados de aeronavegabilidade ou renovación dos que perderon a súa vixencia.

2. En todos os casos, as condicións de seguridade e as correspondentes limitacións de voo serán establecidas polo titular ou o persoal técnico encargado do material, e aprobadas polo enxeñeiro aeronáutico designado para a emisión do certificado.

3. No caso de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto de propiedade non española, non se exixirá un certificado de tipo dos definidos neste regulamento. O certificado restrinxido expedirase só para voos de verificación dos traballos realizados e será requisito imprescindible para a súa expedición que exista unha petición do propietario da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto e unha delegación á AAD da autoridade de aeronavegabilidade que emitise o certificado de tipo que ampara a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto. Nestes casos excepcionais o certificado de aeronavegabilidade restrinxido expedirase só para voos de verificación ou aceptación.

4. A vixencia deste certificado estará limitada ao número de voos especificados e nunca será superior a tres meses, aínda que en atención a circunstancias especiais esta vixencia poderá ser renovada mentres estas persistan.

Artigo 47. *Certificado de aeronavegabilidade para experimentación.*

1. Este certificado aplícase ás aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que se utilicen para ensaios en voo de desenvolvemento e investigación e para a demostración das bases de certificación, así como para adestramentos de tripulacións de ensaios.

2. O certificado será expedido por un enxeñeiro aeronáutico habilitado para o efecto pola AAD, do centro de ensaios responsable no cal se vaian realizar os voos de probas ou do órgano técnico competente.

3. Para a súa expedición, o solicitante deberá presentar unha declaración de aeronavegabilidade que deberá ser aceptada polo enxeñeiro aeronáutico habilitado para o efecto, para garantir un nivel de seguridade adecuado.

4. A vixencia do certificado será de seis meses como máximo, renovable por períodos iguais, durante a cal se deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) No caso de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que sexan da responsabilidade dunha industria:

1.º As ordes de ensaio emitidas polo solicitante para realizar os voos de ensaio deberán estar dentro das limitacións establecidas na declaración de aeronavegabilidade aceptada polo órgano técnico competente.

2.º A configuración do prototipo, os cambios na dita configuración e a súa documentación asociada seguirán o procedemento aplicable emitido polo órgano técnico competente.

b) No caso de aeronaves ou sistemas aéreos militares pilotados por control remoto que sexan da responsabilidade do Ministerio de Defensa ou vinculadas a este, o centro de ensaios deberá seguir uns procesos de control de configuración e aprobación das modificacións aprobados polo Consello de Aeronavegabilidade e debidamente sancionados pola AAD.

Artigo 48. *Certificado de aeronavegabilidade para exportación.*

1. Este certificado garante que a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto á cal ampara ten, polo menos, o nivel de seguridade suficiente para o voo de traslado ata o país importador, coas limitacións que nel se especifiquen.

2. Este certificado non constitúe documento que autorice a libre circulación da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto e só permitirá os voos necesarios para a exportación.

CAPÍTULO X

Reparacións

Artigo 49. *Definición e clasificación das reparacións.*

1. Reparación significa a eliminación de danos e/ou a recuperación das condicións de aeronavegabilidade tras a posta en servizo inicial.

2. A eliminación de danos mediante a substitución de elementos ou equipamentos sen a necesidade de ningunha actividade de deseño será considerada como unha tarefa de mantemento e, polo tanto, non se considera unha reparación nin require aprobación.

3. As reparacións clasifícanse en maiores e menores cos mesmos criterios que os especificados no artigo 22.

Artigo 50. *Aprobación de reparacións.*

1. Para a aprobación de reparacións maiores por parte do órgano técnico competente, o solicitante deberá presentar os datos substanciais (documentos técnicos, cálculos, demostración de cumprimento coas bases de certificación, etc.).

2. As reparacións menores deben ser aprobadas polo órgano técnico competente, salvo que delegase esta facultade no solicitante, unha vez recoñecida a súa capacitación técnica. Os procedementos para a dita delegación serán fixados e aprobados polo Consello de Aeronavegabilidade.

3. No caso de reparacións necesarias para pór en voo unha aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto destacados fóra do territorio nacional, o Exército, organismo, instituto ou servizo que teña a responsabilidade do mantemento da aeronavegabilidade, como situación de emerxencia, designará un enxeñeiro aeronáutico para a aprobación da reparación que permita o voo a un centro de mantemento.

ANEXO I

Abreviaturas

AAD: Autoridade de Aeronavegabilidade da Defensa.

ANAC: Autoridade Nacional de Aseguramento da Calidade.

DXAM: Dirección Xeral de Armamento e Material.

ESF: Equivalent Safety Finding.

INTA: Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas».

MCRI: Military Certification Review Item.

RAC: representante de aseguramento oficial da calidade.

ROD: recoñecemento de organización de deseño.

STANAG: acordo de normalización da OTAN.

UAV: vehículo aéreo non tripulado.

ANEXO II

Definicións

Para os efectos deste regulamento, aplícanse as seguintes definicións:

Aeronave: é todo vehículo capaz de navegar polo aire. Para os efectos deste regulamento, o vehículo pode estar dotado de armamento en instalación fixa ou lanzable e forma parte do propio vehículo.

Aeronavegabilidade: é a calidade que fai que unha aeronave sexa segura para o voo. É a propiedade dun sistema aéreo nunha determinada configuración, de conseguir, manter e acabar un voo de forma segura de acordo coas limitacións de uso aprobadas.

Aeronavegabilidade continuada ou mantemento da aeronavegabilidade: é o conxunto de actuacións conducentes a manter as condicións de seguridade en voo iniciais por medio duns procedementos establecidos e aprobados.

Bases de certificación: conxunto de requisitos de aeronavegabilidade e métodos de cumprimento asociados para un proceso específico de certificación dun produto.

Boletín de servizo: é o documento emitido por un fabricante que define as modificacións que se pretenden introducir en produtos en servizo e os procedementos para a súa incorporación.

Cualificación aeronáutica: é a declaración oficial de cumprimento das normas militares ou, na súa falta, civís para uso aeronáutico.

Configuración: as características funcionais e físicas do produto como se describen no deseño.

Declaración de aeronavegabilidade: a declaración realizada polo solicitante previamente á realización do primeiro voo ou ensaios en voo, onde se establecen os resultados dos estudos, análises e ensaios en terra, así como as limitacións de aeronavegabilidade e de operación necesarias para garantir as condicións de seguridade aceptables para as ditas operacións na envolvente de voo proposta.

Directiva de aeronavegabilidade: documento emitido ou adoptado polo Consello de Aeronavegabilidade e ratificado pola AAD, que define accións obrigatorias para realizar sobre unha ou varias aeronaves, cando as probas demostran que a aeronavegabilidade desas aeronaves se pode ver doutra forma comprometida.

Estándar de deseño de fabricación: é a definición do produto fabricado de acordo co deseño de tipo e todas as modificacións e procedementos de operación subsecuentemente aprobados.

Fabricante: empresa responsable da garantía do produto.

Hélice: mecanismo que, mediante xiro no aire ao redor do seu eixe, produce forzas de tracción, impulsión ou sustentación.

Modelo: é todo desenvolvemento dun tipo aprobado que se diferencia deste en modificacións menores e maiores non o suficientemente importantes como para constituír un novo tipo.

Motor: máquina destinada a producir movemento a expensas dunha fonte de enerxía. Inclúense todos os tipos de motores para aeronaves con independencia da fonte de enerxía utilizada e do sistema de propulsión.

Plan de mantemento: é o plan establecido para preparar as instrucións para a continua aeronavegabilidade de cada tipo de aeronave, motor ou hélice. Estas instrucións deben conter a información necesaria para realizar o mantemento do produto e deben incluír unha sección titulada «Limitacións de aeronavegabilidade», que debe conter a información necesaria sobre os elementos con vida limitada, os intervalos de inspección mandatoria para a estrutura e os sistemas e os procedementos correspondentes.

Orde técnica: é todo documento técnico de carácter militar que afecte a operación, mantemento ou deseño de tipo.

Sistemas aéreos militares pilotados por control remoto: comprende os elementos individuais do sistema de vehículo aéreo non tripulado (en diante «UAV»), que inclúen o UAV, a estación de control en terra e calquera outro elemento necesario para permitir o voo, tales como a ligazón de comunicacións ou o sistema de lanzamento e recuperación.

Software: conxunto de programas, instrucións, regras, etc. que lle permiten ao computador executar certas tarefas.

Tipo: deseño dun produto que cumpre todas e cada unha das normas e especificacións técnicas impostas nas bases de certificación.

Titular: en relación cun certificado de tipo, é o organismo ou a entidade de dereito público ou privado con capacidade para asumir as responsabilidades e dereitos derivados da súa concesión.

Vehículo aéreo non tripulado (UAV): vehículo aéreo propulsado que non leva persoal como operador a bordo. Os UAV inclúen só aqueles vehículos controlables nos tres eixes. Ademais, un UAV:

- a) É capaz de manterse en voo por medios aerodinámicos.
- b) É pilotado de forma remota ou inclúe un programa de voo automático.
- c) É reutilizable.
- d) Non está clasificado como unha arma guiada ou un dispositivo similar dun só uso deseñado para o lanzamento de armas.

Versión: é todo desenvolvemento dun modelo aprobado que se diferencia deste só en modificacións menores.

Nota: calquera documento técnico relativo á aeronavegabilidade non amparado polas denominacións recollidas aquí será clasificado, de acordo co seu contido específico, nunha das deste regulamento.

ANEXO III

Fotografías regulamentarias

As fotografías da aeronave para o arquivo deberanse ater ás seguintes normas:

Tamaño que permita ver a aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto completa, con formato apaisado sen marxes e en cor, con fondo liso e uniforme.

Vista lateral do costado esquerdo da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto, coa dirección lonxitudinal, eixe X, desta, situada na perpendicular do eixe óptico da cámara utilizada.

A aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto deberá ocupar o maior espazo posible da fotografía, sen que quede cortada nas marxes ningunha parte ou peza integrante dela.

No caso de helicópteros, situaranse as pas dos rotores de maneira que a lonxitude do helicóptero sexa máxima na fotografía.

Deberase distinguir a matrícula militar ou o identificativo da aeronave ou sistema aéreo militar pilotado por control remoto, así como o seu distintivo táctico.

ANEXO IV

Contido da folla de datos

A folla de datos forma parte do certificado de tipo e do certificado técnico e inclúe as bases de certificación, as limitacións prescritas nelas e calquera outra limitación ou información que se xulgue necesaria para garantir a operación segura dos produtos.

A información contida na folla de datos pode ter clasificación de seguridade, polo que total ou parcialmente pode non ser de uso público e estar sometida ás restricións que a normativa de seguridade establece.

Para aeronaves, como mínimo, deberá conter:

- a) Información xeral:

Identificación do tipo de aeronave.

Identificación do titular do certificado.

Número de revisión e data desta.
Lista de páxinas efectivas.
Cada modelo estará nunha sección á parte e aceptarase unha sección de datos comúns.

b) Información específica:

Incluirá a requirida para cada modelo de aeronave cando sexa aplicable. Será, como mínimo, a citada a continuación:

Motores e as súas limitacións.
Hélices e as súas limitacións.
Combustibles e lubricantes aprobados.
Velocidades e os seus límites.
Aceleracións e as súas limitacións. Diagramas de refachos e manobra.
Marxe do centro de gravidade e posición.
Pesos en función do centro de gravidade. Pesos máximos, mínimos e de operación.
Manual de pesos e centrados.
Software xeral embarcado e as súas limitacións.
Referencias xeométricas da aeronave, corda media aerodinámica, dispositivos de nivelación.
Tripulación mínima.
Número máximo de asentos.
Máxima capacidade de carga.
Capacidade máxima de combustibles e lubricantes.
Altitude máxima e raio de acción.
Movemento de superficies de control e tolerancias destas.
Equipamento específico de terra.
Armamento –RESERVADO–.
Bases de certificación.
Lista de equipamentos aprobados.
Manuais de voo. Lista de elementos de vida limitada.
Lista de modelos e versións aprobados.
Plan de mantemento.

Para sistemas aéreos militares por control remoto, como mínimo, deberá conter:

a) Información xeral:

Identificación da clase de aeronaves e estación de terra que integran o sistema aéreo militar pilotado por control remoto.
Identificación do titular do certificado.
Número de revisión e data desta.
Lista de páxinas efectivas.

b) Información específica:

Definición do deseño de tipo do sistema aéreo militar pilotado por control remoto.
Incluirá a información requirida para cada modelo de aeronave (UAV) integrante do sistema. Será, como mínimo, a citada no punto anterior.
Incluirá a información requirida da estación de control:

Operadores de aeronaves.
Operadores de misión.
Límites de operación.
Zonas de operación.

c) Bases de certificación:

Requisitos de aeronavegabilidade aplicables.
Condicións especiais, desviacións, non cumprimentos e excepcións.
Determinacións de equivalentes de seguridade.

Para motores, como mínimo, deberá conter:

a) Información xeral:

Tipo/Variante do motor.
Titular do certificado de tipo.
Identificación do certificado.
Lista de páxinas efectivas.
Data de emisión do certificado de tipo.

Cada modelo de motor estará nunha sección á parte e aceptarase unha sección de datos comúns.

b) Información específica:

Definición do deseño de tipo.
Descrición esquemática do tipo de motor.
Equipamento.
Dimensións e pesos.
Réximes de funcionamento.
Sistema de control.
Flúidos aprobados (combustibles, aceites lubricantes, etc.).

c) Límites de operación:

Límites de temperatura.
Velocidade rotacional máxima permisible.
Límites de presión.
Condicións de instalación.
Limitacións para a entrega.

d) Bases de certificación:

Requisitos de aeronavegabilidade aplicables, incluídos os deducidos dos MCRI.
Condicións especiais, desviacións, non cumprimentos e excepcións.
Determinacións equivalentes de seguridade (ESF).

e) Instrucións de operación e posta en servizo:

Instrucións de operación do motor.
Plan de mantemento do motor.
Condicións ambientais.

Para hélices, como mínimo, deberá conter:

a) Información xeral:

Tipo/variante.
Titular do certificado de tipo.
Fabricante da hélice.
Data de emisión do certificado de tipo.

b) Información específica:

Definición do deseño de tipo.
Descrición esquemática do tipo de hélice.

Equipamento.
Dimensións e pesos.
Planos e esquemas.
Réximes de funcionamento.
Sistema de control.
Fluídos aprobados (hidráulicos, aceites lubricantes, etc.).

c) Límites de operación:

Potencia e velocidade rotacional máxima na engalaxe.
Potencia e velocidade rotacional máxima continua.
Ángulo de paso.
Condicións de instalación.
Limitacións para a entrega.

d) Bases de certificación:

Requisitos de aeronavegabilidade aplicables, incluídos os deducidos dos MCRI.
Condicións especiais, desviacións, non cumprimentos e excepcións.
Determinacións equivalentes de seguridade (ESF).

e) Instrucións de operación e posta en servizo:

Instrucións de operación da hélice.
Plan de mantemento da hélice.
Condicións ambientais.